



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Socioloxía da Cultura e do Patrimonio		Código	710G01027
Titulación	Grao en Humanidades			
Descriptoros				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuadrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Socioloxía e Ciencias da Comunicación			
Coordinación		Correo electrónico		
Profesorado	,	Correo electrónico		
Web				
Descrición xeral	Con este programa preténdese unha comprensión da diversidade das dinámicas culturais e as políticas patrimoniais. Será importante a formación na xénese de modelos de proxectos socioculturais para unha posta en valor dos bens patrimoniais e culturais, nunhas estratexias de desenvolvemento socioeconómico. Reflexiónase tamén sobre as tendencias e retos culturais que emerxen na nosa sociedade.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A2	Coñecemento do pasado desde un punto de vista diacrónico
A3	Coñecemento do espazo e do territorio
A4	Coñecemento dos diferentes bens e recursos patrimoniais e do seu réxime xurídico
A5	Coñecemento de estratexias de desenvolvemento cultural e medioambiental
A7	Coñecemento sincrónico y diacrónico de diversas realidades culturais actuais
A8	Coñecemento básico da realidade socio-política contemporánea
A11	Coñecemento das técnicas e métodos de traballo e análise das ciencias humanas e sociais
A14	Deseño e produción de bens culturais
A15	Avaliación de impactos medioambientais e patrimoniais
A16	Avaliación da viabilidade de proxectos
A17	Innovación na presentación e difusión da cultura
A18	Identificación e construción creativa das necesidades do mercado cultural
B2	Resolver problemas de forma efectiva.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo
B4	Traballar de forma autónoma con iniciativa
B5	Traballar de forma colaborativa.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadano e como profesional
B10	Capacidade de análise e de síntese.
B11	Capacidade de xestión da información relevantes.
B12	Capacidade de integración en equipos multidisciplinares
B13	Recoñecemento da riqueza da diversidade e da multiculturalidade
B18	Capacidade de dirección e liderazgo
B20	Creatividade e orixinalidade no pensamento e na práctica
B22	Sensibilidade polo medio ambiente e a súa protección.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.



C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
----	---

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Con esta materia o alumno adquirirá as seguintes competencias e habilidades: * Comprensión dos procesos culturais e identitarios. * Competencia no uso social dos bens culturais e patrimoniais. * Adquisición de habilidades no manexo da metodoloxía e as técnicas precisas para a investigación dos bens culturais. * Adquisición de habilidades para a planificación e gestión de proxectos socioculturais que potencien o desenvolvemento socioeconómico e xeren emprego e incrementos na calidade de vida da poboación. * Competencia na creación e xestión das industrias culturais e turísticas. * Competencia no uso social das políticas culturais e habilidades no tratamento dos diversos axentes presentes na dinámica sociocultural	A2	B2	C1
	A3	B3	C4
	A4	B4	C5
	A5	B5	C6
	A7	B6	C8
	A8	B10	
	A11	B11	
	A14	B12	
	A15	B13	
	A16	B18	
A17	B20		
A18	B22		

Contidos	
Temas	Subtemas
TEMA 1. CULTURA, SOCIEDADE E SOCIOLOXÍA: UNHA INTRODUCCIÓN TEMA 2. GLOBALIZACIÓN E CULTURA TEMA 3. CONSUMO E PRÁCTICAS CULTURAIS: FACTORES E TENDENCIAS TEMA 4. ARTE, CULTURA E INDUSTRIAS CREATIVAS NO SÉCULO XXI: PANORÁMICA DENDE A SOCIOLOXÍA TEMA 5. CULTURA, PATRIMONIO CULTURAL E TURISMO	Os subtemas van contidos no desenvolvemento de cada un dos temas.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A3 A4 A5 A7 A8 A11 A14 A15 B3 B4 B5 B6 B11 B13 B22 C1 C4	2	1	3
Sesión maxistral	A3 A4 A5 A7 A8 A11 A14 A15 B2 B3 B4 B5 B6 B11 B13 B22 C1 C4	22	0	22
Lecturas	A3 A4 A5 A7 A8 A11 A14 A15 A17 B3 B4 B5 B6 B10 B11 B20 C1 C4 C5 C6 C8	0	12	12
Discusión dirixida	A3 A4 A5 A7 A8 A11 A14 A15 A17 B3 B4 B5 B6 B10 B11 B20 C1 C4 C5 C6 C8	10	4	14



Traballos tutelados	A2 A3 A4 A5 A7 A8 A11 A14 A15 A16 A17 A18 B2 B5 B10 B11 B12 B13 B18 B20 B22 C1 C4 C5 C6 C8	12	32	44
Portafolios do alumno	A3 A4 A5 A7 A8 A11 A15 A16 A18 B3 B4 B6 B10 B11 B20 C1 C4 C5 C6 C8	12	32	44
Presentación oral	B5 B6 B10 B11 B12 B18 B20 C1 C6	2	4	6
Atención personalizada		5	0	5
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Actividades que se levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe co fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados a un programa formativo. Con ela preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativas, que partan dos saberes previos do alumnado.
Sesión maxistral	Sesións expositivas complementadas con material audiovisual que serán abertas e participativas e están deseñadas para explicar, desenvolver e comentar os contidos teóricos que presentan maior dificultade para comprender, incidir nos aspectos básicos e máis relevantes, actualizar convenientemente os contidos, aclarar dúbidas e complementar a información que os estudantes obteñen directamente das lecturas recomendadas.
Lecturas	Lectura e análise por parte do alumnado do conxunto de textos e documentación fundamental que se sinalan como bibliografía básica e fonte para aprofundar nos contidos traballados.
Discusión dirixida	Técnica de dinámica de grupos a través da cal se levarán a cabo debates na aula nos que se discutirán e analizarán de forma libre, informal e espontánea determinados temas motivando o diálogo e a retroalimentación co alumnado así como a capacidade de comunicación oral e a reflexión crítica.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente á aprendizaxe do ?como facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente do estudantado e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-tutor.
Portafolios do alumno	É un cartafol físico ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno no marco da asignatura, cos comentarios e cualificacións asignadas polo profesor o que lle permite visualizar o progreso do alumno. O portafolio inclúe todo o que fai o alumno, como: apuntamentos ou notas de clases, traballos de investigación, guías de traballo e o seu desenvolvemento, comentarios de notas, resumos, probas escritas, autoavaliacións, tarefas desenvolvidas, comentarios de progreso do alumno realizado polo profesor, etc
Presentación oral	Exposición oral a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordenado, propoñendo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Traballos tutelados	Titorías baseadas na atención personalizada que fomentan a reflexión sobre temas específicos e facilitan o seguimento e a supervisión do estudante. Para a súa correcta realización, contémpanse sesións de titoría presencial e / ou virtual co profesor, que implican unha participación individual e / ou grupal obrigatoria dirixida a facilitar o encauzamento e a estrutura xeral que deben presentar os traballos. Deste xeito, o alumno recibirá periodicamente información e retroalimentación sobre os resultados das actividades que compoñen o conxunto de avaliación continua.
Presentación oral	
Portafolios do alumno	

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A2 A3 A4 A5 A7 A8 A11 A14 A15 A16 A17 A18 B2 B5 B10 B11 B12 B13 B18 B20 B22 C1 C4 C5 C6 C8	O alumnado ten no Moodle da asignatura as instrucións	50
Presentación oral	B5 B6 B10 B11 B12 B18 B20 C1 C6	O alumnado ten no Moodle da asignatura as instrucións	10
Portafolios do alumno	A3 A4 A5 A7 A8 A11 A15 A16 A18 B3 B4 B6 B10 B11 B20 C1 C4 C5 C6 C8	O alumnado ten no Moodle da asignatura as instrucións	40

Observacións avaliación



DIRECTRICES XERAIS DO SISTEMA DE AVALIACIÓN O sistema de avaliación proposto permite aos estudantes elixir entre a) avaliación continua ou b) avaliación final.

MODALIDADE A: AVALIACIÓN CONTINUA A avaliación continua implica, obrigatoriamente e sen excepción, o cumprimento dos seguintes requisitos:

1. Asistencia "activa e participativa" e aproveitamento de polo menos o 80% de clases tanto teóricas como interactivas. Neste sentido, a ausencia de máis do 20% ás sesións suporá que o alumno non sexa cualificado na parte de avaliación continua da materia.
2. A preparación (entrega por escrito e / ou presentación en clase) das tarefas individuais e de equipo correspondentes ás 3 probas obrigatorias, segundo a metodoloxía indicada polo profesor e nas datas previamente establecidas. A falta de asistencia ao número mínimo de sesións indicado e a non realización das prácticas correspondentes implica a renuncia do alumno á nota correspondente á avaliación continua. A lista completa das actividades prácticas pódese consultar no Moodle da materia. En resumo, o alumno debe demostrar que acadou os resultados esperados de aprendizaxe a través das seguintes actividades de avaliación continua:

PROBA Nº 1- ACTIVIDADE INDIVIDUAL (peso do 20% da nota global): Individual e recuperable se o alumno non chega como mínimo a un 4 sobre 10.

PROBA Nº 2-PORTAFOLIO DA ASIGNATURA (peso do 40% da nota global): Individual e eliminatoria -quen non obteña polo menos un 4 sobre 10 non poderá continuar coa avaliación continua durante o curso-.

PROBA Nº 3-ACTIVIDADE GRUPAL (ponderación do 30% da nota global): Realízase en equipo e non é recuperable. É necesario obter ao menos un 4 sobre 10. As 4 probas da avaliación continua clasifícanse previamente como APROBADO / NON APROBADO e posteriormente asignáraselles un **BLOQUE DE NOTA** (calificación numérica de 0 a 10). Para aprobar o curso, deberase obter unha nota igual ou superior a 5 como media ponderada nas 3 probas de avaliación continua.

A ASISTENCIA E O APROVEITAMENTO DAS CLASES (capacidade de traballo, esforzo, integración, participación activa, etc.) valerá ata un 10% da nota global. A clasificación global da avaliación continua para estudantes que superaron a avaliación continua (nota mínima de 5 sobre 10 como media) pode incrementarse ata un máximo do 15% realizando unha actividade de **CARÁCTER VOLUNTARIO** que consistirá na realización dunha revisión dun libro (a escoller entre a lista de lecturas que o profesor proporá ao comezo do curso).

MODALIDADE B: AVALIACIÓN FINAL (EXAMEN A LIBRO ABERTO) O alumno, ben por optar por non realizar as actividades prácticas propostas na modalidade de avaliación continua da materia ou por non superalas cunha nota igual ou superior a 5 puntos, presentárase directamente á avaliación final. Neste caso, obterá a nota final segundo a calificación que obteña exclusivamente na devandita proba. Os estudantes que o desexen tamén poderán renunciar á nota obtida durante o curso e facer o exame final para substituír a nota de avaliación continua. A avaliación final como proba única consiste na realización dunha proba escrita, que se realizará na data previamente establecida pola facultade para as dúas convocatorias de avaliación (xaneiro e xullo) cun valor de entre 0-10 puntos, que se baseará na realización dun exame a "libro aberto" (durante a proba, os estudantes poderán usar os materiais de consulta que consideren oportunos) sobre os temas desenvolvidos na clase durante el cuatrimestre (80%) e unha pregunta obrigatoria para elixir entre un dos libros de lectura recomendados polo profesor ao comezo do curso (20%). Na citada proba preténdese que os estudantes poñan un maior énfase na reflexión, no razoamento crítico e argumentado, así como na interpretación de respostas en escenarios e casos específicos, e non na memoria e copia de datos e / ou información localizadas na bibliografía. - No caso de estudantes con dispensa académica, recoméndase acudir ás titorías individuais (compatibles coa súa dedicación) programadas persoalmente co profesor dende o comezo do curso.



Bibliografía básica

Os contenidos están estruturados nun total de cinco unidades temáticas, cada unha das cales vai acompañada das preceptivas lecturas obrigatorias necesarias para alcanzar os obxectivos propostos e que se porán a disposición do alumnado na plataforma Moodle da asignatura. Seguidamente se sinala alguna bibliografía de referencia.

ARIÑO VILLARROYA, A. (1997). Sociología de la cultura: la constitución simbólica de la sociedad. Barcelona: Ariel.

ARIÑO VILLARROYA, A. (2010). Prácticas culturais en España: desde los años sesenta hasta la actualidad. Barcelona: Ariel.

ARIÑO VILLARROYA, A.; LLOPIS GOIG, R. (2017). Culturas en tránsito. Las prácticas culturales en España en el comienzo del siglo XXI. Madrid: Sociedad General de Autores y Editores.

BOUZADA FERNÁNDEZ, X. (2001). Cultura e desenvolvemento local. Actas dos II encontros de cultura e concellos. Consello da Cultura Galega. Santiago de Compostela.

BOUZADA FERNÁNDEZ, X.M.; RODRÍGUEZ MORATÓ, A. (2007). Sociología de la cultura y de las artes. En Sociología en España / coord. por Manuel Pérez Yruela, 2007, ISBN 978-84-7476-435-2, págs. 439-454.

BUSTAMANTE RAMÍREZ, E. (2017). Las industrias culturales y creativas. Periférica: Revista para el análisis de la cultura y el territorio, Nº 18, págs. 89-117.

CORREDOR LANAS, P.; BUSTAMANTE RAMÍREZ, E. (2012). Las industrias creativas en Europa: Un debate ambiguo. Telos: Cuadernos de comunicación e innovación, Nº. 91, pp. 22-32.

FERNÁNDEZ DE PAZ, E. (2006). De tesoro ilustrado a recurso turístico el cambiante significado del patrimonio cultural, Pasos: Revista de Turismo y Patrimonio Cultural, Vol. 4, Nº. 1, pp. 1-12.

GARCÍA CANCLINI, N. (1999). Los usos sociales del Patrimonio Cultural. En Patrimonio etnológico: nuevas perspectivas de estudio / coord. por Encarnación Aguilar Criado, 1999, pp. 16-33.

LINHEIRA, J.; RIUS-ULLDEMOLINS, J.; HERNÁNDEZ, G.M. (2018). Política cultural, modelo de ciudad y grandes infraestructuras culturales: análisis comparativo de la Cidade da Cultura de Santiago de Compostela y la Ciutat de les Arts i les Ciències de València. Revista de Investigaciones Políticas y Sociológicas. 17:1, 153-178.

LLULL, J. (2005). Evolución del concepto y de la significación social del patrimonio cultural. Arte, Individuo y Sociedad, 17, pp. 175-204.

PRATS, L. (2004). El patrimonio como construcción social. En Antropología y patrimonio. Barcelona, Ariel, pp. 19-38.

PRATS, L. (2004). El patrimonio como recurso turístico. En Antropología y patrimonio. Barcelona, Ariel, pp. 39-56.

PUIG PICART, T. (1992): Animación sociocultural, cultura y territorio. Editorial Popular, Madrid.

RIUS ULLDEMOLINS, J.; ZARLENGA, M. (2014) Industrias, distritos, instituciones y escenas: tipología de clústeres culturales en Barcelona. Revista Española de Sociología, 21, pp. 47 - 68.

RIUS-ULLDEMOLINS J; RUBIO, A. (2016). Treinta años de políticas culturales en España. Participación cultural, gobernanza territorial e industrias culturales. Universitat de València, Servei de Publicacions.

RIUS ULLDEMOLINS, J. (2016) ¿Por qué las galerías de arte se concentran en clústeres? Un análisis sociológico de la estructura y dinámica urbana del mercado del arte. Revista Española de Sociología, 25(2), pp. 205 - 225.

RODRÍGUEZ MORATÓ, A. (2007). La sociedad de la cultura. Barcelona: Ariel.

RODRÍGUEZ MORATÓ, A. (2007). Cambios culturales en la modernidad avanzada: de la cultura de masas a la sociedad de la cultura. En Escritos sociológicos: en homenaje a Salvador Giner / coord. por Manuel Pérez Yruela, María Teresa González de la Fe, Teresa Montagut Antolí, 2007, pp. 213-224.

RODRÍGUEZ MORATÓ, A. (2012). El análisis de la política cultural en perspectiva sociológica: claves introductorias al estudio del caso español. RIPS: Revista de investigaciones políticas y sociológicas, Vol. 11, Nº. 3, pp. 15-38.

RODRÍGUEZ MORATÓ, A.; SANTANA, A. (2017). La nueva sociología de las artes. Una perspectiva hispanohablante y global. Barcelona: Gedisa.

RUBIO AROSTEGUI, A.; RIUS ULLDEMOLINS, J. (2015). Cultura y políticas públicas después del diluvio. Las ciencias sociales y la refundación de la política cultural. Política y sociedad 51(1), pp. 27 - 52.

RUBIO AROSTEGUI, A.; RIUS ULLDEMOLINS, J. (2016). El diagnóstico de la crisis de la cultura en España: del recorte público a la crisis sistémica. Arte, Individuo y Sociedad, 28(1), pp. 41 - 57.

RUBIO AROSTEGUI, A.; RIUS ULLDEMOLINS, J. (2019). Contribución al análisis sociológico de la creatividad y la digitalización del campo cultural: creación, intermediación y crisis. Arbor, 195(791), pp. 1 - 18.

RUBIO-AROSTEGUI, J. A., RIUS-ULLDEMOLINS, J. (2020) Las políticas culturales en el sur de Europa tras la crisis global: su impacto en la participación cultural. Revista Española de Sociología. Revista Española de Sociología, 29(1), pp. 33 - 48. ISSN: 1578-2824.

SANTANA, A. (2003). Turismo cultural, culturas turísticas, Horizontes Antropológicos, nº 20, Porto Alegre, pp. 31-57.

VV.AA (2011). Reflexión estratéxica sobre a cultura galega. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

VV.AA (2018). Diagnose da cultura galega. Datos para unha estratexia cultural no século XXI. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Dispoñible en: <http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4315>.

VV.AA (2019). El estado de la cultura en España 2019. Cultura local, democracia, desarrollo. Autoría: Fundación Alternativas (Coordinador: Enrique Bustamante)



Bibliografía complementaria	ARIÑO VILLARROYA, A. (2001). A invención do patrimonio cultural e a sociedade do risco. Grial: revista galega de cultura, Nº. 149, pp. 67-82. ARIÑO VILLARROYA, A. (2018). Culturas abertas: culturas críticas. Valencia, Tirant lo Blanch. BAUMAN, Z. (1996). "Modernidad y ambivalencia" en Las consecuencias perversas de la modernidad. Beriaín, J. (comp.) Anthropos, Barcelona. BAUMANN, Z. (2013). La cultura en el mundo de la modernidad líquida. México: Fondo de Cultura Económica. BECK, U. (1996). "Teoría de la modernización reflexiva" en Las consecuencias perversas de la modernidad. Beriaín, J. (comp.) Anthropos, Barcelona. BOURDIEU, P. (2010). El sentido social del gusto: elementos para una sociología de la cultura. Buenos Aires: Siglo XXI. BUSTAMANTE RAMÍREZ, E. (2011). Cultura Digital: la "nueva" cultura clásica. Telos: Cuadernos de comunicación e innovación, ISSN 0213-084X, Nº. 88 (Ejemplar dedicado a: La cultura digital), pp. 59-64. FRANCASTEL, P (1975). Sociología del arte. Madrid Alianza Editorial. FRITH, S., STRAW, W Y STREET, J (eds) (2006). La otra historia del rock. Aspectos claves del desarrollo de la música popular: desde las nuevas tecnologías hasta la política y la globalización. Barcelona Ma non troppo. FURIÓ, V (2000). Sociología del arte. Madrid: Cátedra. GARCÍA CANCLINI, N, CRUCES, F Y URTEAGA, M (2012). Jóvenes, culturas urbanas y redes digitales. Madrid: Ariel y Fundación Telefónica. HERNÁNDEZ HERNÁNDEZ, F. (2002): El patrimonio cultural: La memoria recuperada. Ediciones Trea, Gijón. HAUSER, A. (1967). Historia social de la Literatura y el Arte. Madrid: Guadarrama (2 vols). LEIRA, J. (2000): "El patrimonio y los bienes culturales. Un diálogo social". O patrimonio e a cultura proxectual. Un diálogo necesario. Leira, J. y Méndez, R. (Coord.). Deputación Provincial de Lugo, Lugo. LIPOVETSKY, G.; SERROY, J. La cultura-mundo. Respuesta a una sociedad desorientada. Barcelona: Anagrama, 2010. MIRÓ, M. (2000): "El patrimonio en busca de su lugar en el mundo. Una reflexión sobre los modelos de puesta en valor del patrimonio en España", en LEIRA, J. y MÉNDEZ, R. (coords.). Patrimonio e a cultura proxectual. Un diálogo necesario. Deputación Provincial de Lugo, Lugo. NOYA, J, DEL VAL, F, PÉREZ COLMAN, M (coords) (2010): MUSYCA. Música, sociedad y creatividad artística. Madrid: Biblioteca Nueva. NOYA, J. (2017). Sociología de la música. Fundamentos teóricos, resultados empíricos y perspectivas críticas. Madrid: Tecnos. RIUS ULDEMOLINS, J; RUBIO, A. (2015) Nuevos escenarios para la cultura: crisis del sistema cultural, transición al digital y refundación de la política cultural. Política y sociedad (Madrid), 51(1), pp. 9 ? 26. ROCHE CÁRCEL, J.A (Ed) (2012). La sociología como una de las bellas artes. La influencia de la literatura y de las artes en el pensamiento sociológico. Barcelona: Anthropos. SÁNCHEZ TRIGUEROS, A (ed). (1997). Sociología de la literatura. Madrid: Síntesis. VV.AA. (2016). Dossier. ¿Sociología de la música?. Methaodos. Revista de Ciencias Sociales.Vol. 4. Núm 1. Mayo. Madrid. Universidad Rey Juan Carlos. VV.AA (1998). Monográfico. ¿Sociología del arte?. Revista Española de Investigaciones Sociológicas, nº 84. Octubre-Diciembre.
------------------------------------	---

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Introdución á Antropoloxía Sociocultural/710G01001

Socioloxía/710G01007

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Antropoloxía Social Aplicada/710G01080

Observacións



Recoméndase a asistencia continuada e regular á clase e o estudo diario da materia. A lectura da Guía Docente da materia é fundamental para coñecer as orientacións xerais e as actividades prácticas que se deben realizar. Así mesmo, recoméndase o uso frecuente do Moodle da materia, onde os alumnos serán informados das propostas do profesor (avisos, prácticas, exercicios, novas, etc.) e atoparán os materiais obrigatorios para a materia. Ademais, como regra xeral, hai que ter en conta as seguintes cuestións:

- 1.- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia serán en papel cumprindo cos seguintes puntos:
 - Non se empregarán plásticos.
 - Realizaranse impresións a dobre cara.
 - Empregarase papel reciclado.
 - Evitarase a impresión de borradores.
- 2.- Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural.
- 3.- Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais.
- 4.- Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores de ambos os sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas...).
- 5.- Traballarase para identificar e modificar prexuizos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.
- 6.- Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.
- 7.- Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías